

O Cee deixa marchar vivo o líder. U.C.Cee 1-1 Victoria F.C.

Achegado por Administrator
miércoles, 28 de octubre do 2009

Os de José Manuel Pato, realizaron o seu mellor encontro da tempada ante o lider que marchou con demasiado premio.

{jgaccordion} [acctab ==Crónica do Partido==]

CRÓNICA DO PARTIDO

Bo encontro o disputado polo U.C.Cee que contaba cas baixas de Rubén Fiuza, Yanky e Borja por lesión, Jacobo por sanción, Dani Freire por motivos persoais, ademais de Tono e Fernandito que se perdían o encontro por decisión técnica, recuperaban os ceenses a Alvarom Miguel Riveiro e Leo con respecto o anterior encontro, estes dous último saíron dende o once inicial e realizaron un gren encontro.

Tarde soleada e un terreo de xogo en perfecto estado era o que o Cee ofrecía no seu cuarto campo como local no que vai de tempada. Desta volta o municipal de San Andrés de Zas era o escaerario para recibir o líder da categoría.

Comenzou o Cee moi metido no encontro, e desplegando sobre o terreo de xogo zasense o seu mellor fútbol da tempada. Por fin conseguía Jose Manuel o resultado tan esperado do seu querido tribote, Fermín, Rivi e Miguel Riveiro facían as delicias dos espectadores e os seus compañeiros, que se aproveitaban do trepidante ritmo e fútbol de toque que os medioscentros ceenses ofrecían. Penedo por unha banda e Chapu pola outra, creaban perigosos ataques con grandes oportunidades de gol.

Pero cando os olés inundaban o municipal de San Andrés, unha clara falta a Carlos Leis que o colexiado non viu deixaba só a Kike Mera que encaraba a Mingos e cun tiro raso e cruzado batía o gardamallas ceense.

Gran xarro de auga fría para a afición ceense desplegada ata Zas e para os xogadores locais. Lexos de virse abaixo os bravos compoñentes da escuadra franxiblanca, volcaronse sobre a portería de Xabi cunha fluidez de xogo que sorprendía os líderes da categoría. Penedo e Leo disfrutaron de variass ocasións no primer tempo, a máis clara sen dúbida unha de Penedo que logo dun centro-chut de Carlos, non acertou o corcubiónés a rematar diante do porteiro visitante.

Tralo descanso, máis do mesmo, o Cee tocaba e tocaba cunha aplastante posesión do esférico que ata ese momento non era materializada en gol, pese as numerosas ocasións. Sería Chapu o encargado de empatar o encontro cando nun tiro dende fora da área conseguía aloxar o esférico no fondo das redes da portería de Xabi.

Eran os momentos de máis agobios para os de Andrés Andrade, que unicamente podían contrarrestar o dominio ceense con algunha que outra contra. Penedo volveu ter unha clara ocasión no segundo pao, pero non chegaba a rematar o centro de Chapu. A piques estiveron os coruñeses de dar o susuto nunha contra na que Mingos tivo que lucirse para evitar o segundo dos visitantes.

Continuaba o partido e os locais seguían o seu e Pato dou entrada a Manoliño e Juanjo ca intención de buscar o segundo, e estiveron os tres puntos nas suas botas. Manoliño primeiro e Juanjo despois puideron dar a victoria os ceenses pero o gol xa non chegaría por máis que o intentaron os de Pato.

Así pois empate co lider e un puntiño máis para os ceenses que sabe a pouco logo do visto no campo de San Andrés de Zas. A vindeira semana os de José Manuel visitarán o difícil campo de Mularedos, onde se enfrentarán o Lamela que ven de empatar por 1-1 na casa do Calo. Os das terras de Silleda son cuartos con 14 punos , catro máis cos nosos pupilos que son décimos primeiros con dez puntos.

[/acctab]

[acctab ==Datos do encontro==]

DATOS DO ENCONTRO

LIGA 1ª AUTONOMICA 2009-2010

XORNADA: 08

DATA: 25/10/2009

HORA: 16:30

COLEXIADO: Carlos suarez Lamas

CAMPO: San Andrés (Zas)

Asistente 1: Pablo Patricio Balnco

Asistente 2: Jorge Fernandez Iglesias

LOCAL
VISITANTE

U.C.CEE
VICTORIA F.C.

1
1

Adestrador: José Manuel Rodriguez Lema "Pato"

Adestrador: Andrés Andrade Martinez

ALINEACION
ALINEACION

01. Mingos

01. Xabi

02. Javi Rañal

02. Rojo

03. Rafa

03. Aarón

04. Berto (13')

04. Fabio

05. Fermín

05. Roca

06. Carlos

06. Edu

07. Chapu (67')

07. Kike Mera (34')

08. Rivi

17. Kike Malpica

09. Leo

09. Aurelio (60')

10. Miguel Riveiro

10. Felipe

11. Penedo

11. Raul (32')

12. Juanjo (71' Chapu)

12. Nuñez (68' Raul)

13. Parroto

13. Fernando

14. Manoliño (67' Penedo)

14. Jose (83' Kike Mera) (85')

15. Adrián (83' Leo)

15. Seki (77' Felipe)

16. Alvaro

16. Montero (63' Roca)
(75')

17.

Delegado: José Manuel Díaz

Delegado: Juan José Pombo Lista

INCIDENCIAS: Regular entrada (70 espectadores)

[/acctab]

[acctab ==Os dous equipos==]

OS DOUS EQUIPOS

[/acctab]

[acctab ==A Alineación do U.C.Cee==]

A ALINEACIÓN DO U.C.CEE

ASÍ COMENZOU O U.C.CEE

ASÍ REMATOU O U.C.CEE

[/acctab]

[acctab ==Os Mellores==]

OS MELLORES

Sergio Cambeiro Agulleiro

Favio Lemus Martinez

RIVI

FAVIO

LOCAL
VISITANTE

Expléndido encontro do xoven mediocentro ceense que realizou sen dúbida o mellor encontro da tempada. Moi participativo, rápido e tocando o esférico con moito criterio. Defendiu, atacou, e repartiu xogo con moita calidade. Destacou tamén Chapu, Miguel Riveiro, Mingos, Carlos....

No encontro do domingo, o Victoria realizou un aceptable encontro en lineas xerais, pero destacamos a linea defensiva pois mostrouse a gran nivel, e o lider da defensa foi sen dúbida, Favio, contundente por alto, rápido e espeditivo no corte, foi o zagueiro herculino o mellor do seu equipo.

U.C.CEE

VICTORIA F.C.

[/acctab]

[acctab ==A Foto Curiosa==]

A FOTO CURIOSA DA XORNADA

(www.....) Hoxe
na foto curiosa temos a imaxe de Leo e Favio lucindo nas suas costas a publicidade correspondente as páxinas webs
dós seus clubs, sen dúbida dous modernos e novedosos equipos.

(Estreamos tamén unha sección onde cada semana incorporaremos unha foto curiosa dos encontros do U.C.Cee)

[/acctab]

[acctab ==O Colexiado==]

O COLEXIADO

NOTA

3

(Mal asistido)

O Colexiado Carlos Suarez, realizou un regular encontro. Aínda que cometeu algúns erros no discurrir do encontro a súa nota sería de aprobado baixo, pero un grave erro o non ver a clara falta sufrida por Carlos Leis na xogada do gol visitante ,e sumando o mal asistido que estivo polos seus auxiliares, os cales cometeron demasiados erros, fai que o trencilla coruñés non pase dun froxo tres.

(Estreamos

tamén unha sección onde cada semana analizaremos a actuación do colexiado do encontro, e daremoslle unha puntuación)

[/acctab]

[acctab ==As Fotos do Encontro==]

AS FOTOS DO ENCONTRO

{jgxfal folder:=[images/cronicas/liga20092010/ceevictoria] cols:=[5]}

[/acctab]

{/jgaccordion}